

INFORMACIÓN SOBRE A CONSERVACIÓN DA NACIONALIDADE ESPAÑOLA

Poderán pedir a conservación da nacionalidade española os españois que residan no estranxeiro e declaren a súa vontade de conservar a nacionalidade española nos tres anos seguintes a adquisición da nacionalidade estranxeira.

A solicitude poderá efectuarse a través do Consulado de España no país correspondente (no caso de residir no estranxeiro) ou a través deste Rexistro Civil (no caso de residir en España).

Os que naceran e residan no estranxeiro que ostenten a nacionalidade española por ser fillos de pai e nai españoles, tamén nados no estranxeiro, cando as leis do país onde residan lles atribúan a nacionalidade do mesmo, perderán, en todo caso, a nacionalidade española se non declaran a súa vontade de conservarlal ante o encargado do Rexistro Civil no prazo de tres anos, a contar dende a súa maioría de idade ou emancipación.

Non será necesaria a declaración de conservación de nacionalidade no caso mencionado no parágrafo anterior se o interesado reside en España.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- DNI ou pasaporte español en vigor.
- Certificado expedido polas autoridades competentes nas que conste a data de adquisición da nacionalidade estranxeira.

DEBERÁN COMPARECER CO SEU DOCUMENTO IDENTIFICATIVO